

Prezadas e prezados colegas,

En primeiro lugar quero presentarme como nova directora do Grupo de traballo da materia Lingua Galega e Literatura II. Diríxome a vós para tentar aclarar algunhas cuestións comúns que me foron formuladas por varios membros do profesorado, independentemente de que máis adiante se envíen novas indicacións.

As disposicións normativas emanadas da publicación da LOMLOE (Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro) obrigaron as comunidades autónomas a modificar os seus currículos para adaptalos a elas. En Galicia, o resultado foi o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, (DOG 26.09.2022). As especificacións curriculares da materia Lingua Galega e Literatura constitúen unha tradución con poucos cambios da presentada polo Ministerio de Educación e Formación Profesional para a de Lingua Castelá, e é moi semellante do publicado na materia de Lingua Catalá e Literatura (Decreto 171/2022, de 20 de setembro, DOGC 8758, 22.09.2022). A súa aplicación para a materia de LGL de 2º de Bacharelato estaba prevista para este curso (2023-2024).

Como é obvio, o Grupo de traballo da materia Lingua Galega e Literatura II non é responsable da súa redacción nin dos seus contidos, senón só da súa aplicación á ABAU. Por esa razón, na anterior circular mencionouse a data de 1981, pois é a partir da promulgación da lingua galega como oficial (no Estatuto de Galicia) cando se pode falar da súa normalización.

É previsible que a ABAU se modifique a partir do próximo curso, de forma que este sería o último en que se realice como ata agora. Por iso pensamos que é mellor que se apliquen as menos modificacións posibles. Nese sentido, como xa se mencionou tamén na anterior circular, o modelo de exame será o mesmo ca o do curso pasado.

No que respecta ás cuestións concretas formuladas sobre certos contidos, debe terse en conta que no decreto se menciona o funcionamento do sistema lingüístico tendo en conta os niveis fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico; no entanto, non se pide unha descrición da lingua como se viña facendo, senón unha reflexión sobre os usos da mesma baseada en textos específicos. Por outro lado, tanto para o comentario de feitos sociolingüísticos coma dos literarios cómpre ter coñecementos da historia da lingua, aínda que esta non sexa obxecto dunha pregunta específica, pois ao longo de decreto incídese en diferentes apartados na necesaria contextualización sociohistórica, así como na continua relación do pasado e co presente.

Sei que moitas persoas están preocupadas pola marcha das probas da ABAU este curso tras a publicación do novo decreto, pero quería enviarvos unha mensaxe de tranquilidade, posto que, como se dixo, o modelo de exame vai ser o mesmo ca o do curso pasado, igual ca os criterios de corrección. A nosa intención é que a redacción do exame da ABAU resultante da adaptación curricular ao novo decreto produza os mínimos inconvenientes posibles na comunidade educativa.

Un saúdo cordial,

Ana Boullón  
Departamento de Filoloxía Galega  
Universidade de Santiago de Compostela

